



CIRCULAR INICIO DE CURSO 2021/22

Ante o comezo deste novo curso, os mestres e mestras deste Centro queren saudarvos de novo ó tempo de informar das seguintes cuestións:

Calendario escolar: (Orde do 19 maio de 2021)

- **Duración do curso:** Do 09 de setembro de 2021 ao 22 de xuño de 2022, ambos inclusive.
- **O horario de curso** será de 9:10 a 14:10, coa excepción do período de adaptación para o alumnado de 3 anos.
- **Vacacións de Nadal:** Desde o 22 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022, ambos inclusive.
- **Entroido:** 28, 1, 2 de marzo 2022.
- **Semana Santa:** desde o día 11 de abril ata 18 de abril do 2022, ambos inclusive
- **Día do Ensino:** 11 de outubro de 2021
- **Escollidos polo Centro:** 7 de decembro de 2021 e 16 de maio de 2022 (pendente de aprobar por Consello Escolar)

Datas de Avaliación

| | 1ª Avaliación | 2ª Avaliación | 3ª Avaliación |
|----------------------|---------------|---------------|---------------|
| Xunta da avaliación | 13 decembro | 21 marzo | 13 xuño |
| Publicación de notas | 21 decembro | 1 abril | 22 xuño |

Horario de atención aos pais/nais

- **Luns de 15:30h a 16:30h:** Pola aplicación do protocolo de adaptación á Covid -19, as titorías serán preferentemente por medios telemáticos/telefónicos. Só acudirán ao centro en casos imprescindibles, previa citación do centro e respectando as normas sanitarias en vigor.

Calendario de reunións xerais cos pais/nais

A celebración de reunións está supeditada á situación sanitaria. As titoras irán citando coa antelación necesaria a reunión. Terán lugar no pavillón anexo/biblioteca e só poderá asistir un/unha dos proxenitores ou representante da familia debidamente autorizado. O uso da máscara será obrigatorio e respectaranse en todo momento as indicacións do persoal do centro e as distancias.

| | |
|------------|-------------------|
| 1º e 2º EP | 13/09/21 ás 16:30 |
| 3º e 6º EP | 20/09/21 ás 15:30 |
| 4º e 5º EP | 27/09/21 ás 15:30 |

Entradas e saídas do Centro

- **Queda prohibido a entrada de vehículos particulares á pista do centro. Tanto nas entradas como as saídas, ata que non marchen os autobuses escolares, tampouco poderán entrar os proxenitores que respectarán en todo momento as indicacións do persoal do centro e as quendas marcadas.**
- **O uso da máscara é obrigatorio para todo o alumnado e os seus familiares.**
- **As quendas de entradas** ao centro empezarán ás 9:10 co alumnado de 6º, 5º, 4º, 3º, 2º e 1º de EP mantendo entre eles a distancia pertinente polo lado dereito da pista. Ás 9:20 entrará o alumnado de E. Infantil pola beirarrúa. A saída dos acompañantes será polo carril central da pista. Só poderá haber un acompañante por alumno/a e só ira ata o portalón de acceso.
- A cancela do colexio **pecharase inmediatamente despois da entrada da última quenda.** En caso de retraso na entrada, terán que esperar no portalón de entrada ata que o conserxe ou persoal do centro o recolla. Os familiares NON poden acceder ao centro. O mesmo procedemento farase se algún alumno/a ten que saír antes, esperarán por el fóra do recinto ata que o conserxe ou persoal do centro o acompañe á saída. Os proxenitores avisarán con anterioridade á titora. As xustificacións presentaranse á titora por **abalar móbil** ou **correo electrónico**
- **A saída tamén será por quendas,** saíndo en primeiro lugar E. Infantil e 1º, 2º, 3º de EP ás 14:05. Ás 14:10 saíran 4º, 5º e 6º EP. O alumnado que non sexa usuario do transporte escolar, non poderá saír só do centro ata que sexa recollido por un adulto. O profesor responsable da última sesión é o responsable directo da entrega dos rapaces. En caso de demora na recollida avisarase á familia. Se nun tempo máximo de 15 minutos dende a saída, non se tivera novas da familia ou non se conseguira contactar con ela, notificaríase á policía local ou garda civil para que sexan eles os que contacten coa familia.

- Recordamos que segundo a normativa vixente, **as faltas reiteradas poden supoñer a apertura dun expediente de absentismo escolar, o mesmo que as non xustificadas, e serán comunicadas á Inspección educativa e ás autoridades competentes.**
- Durante as tardes **non se pode acceder ás aulas.**

Transporte escolar

Desde o curso pasado o alumnado con dereito a transporte usan o Servizo Integrado de Viaxeiros dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e non da Consellería de Educación. Isto implica que o autobús non é exclusivo para os escolares senón que poden compartilo con outros viaxeiros que o demanden á empresa de transporte ARRIVA.

O protocolo segue a ser o mesmo que en cursos anteriores:

- O uso da máscara é obrigatorio para todo o alumnado transportado e ocuparán sitio fixo durante todo o curso.
- Os pais/nais/ titores ou persoas autorizadas deberán acompañar ao alumno ata o momento de subida ao autobús e a recollo na mesma parada ao remate das clases. Calquera cambio debe ser comunicado á dirección do centro.
- Por mor da saída por quendas, coma no curso pasado, adiantase 10 minutos a saída do alumnado transportado (ás 14:00h) polo que deberedes estar nas paradas para **recollelos 10 minutos antes.**
- As normas de comportamento dentro do transporte escolar son as mesmas que no centro e están recollidas nas normas de funcionamento e convivencia do centro. O incumprimento das mesmas pode dar lugar a unha expulsión do servizo, temporal ou definitiva dependendo da gravidade das mesmas.
- Se por unha causa accidental, as familias precisan que o seu fillo/a puntualmente mude de parada, deberán solicitalo por escrito ao centro coa antelación suficiente para comunicalo a coidadora do autobús.

Comedor escolar

- O centro é o responsable do servizo de comedor. Toda a lexislación pertinente aparece na páxina web do centro, no apartado COMEDOR.
- Ao igual que no transporte, as normas de comportamento son as mesmas do centro e será a dirección do centro quen controlará tanto o bo funcionamento do servizo como o comportamento dos usuarios/as.
- Calquera incidencia deberá comunicarse por escrito á dirección.
- O horario final de recollida do comedor é ás 16:00, se ben as familias poderán escoller saír ás 15:15, 15:30 o 15:45h. As familias comunicarán o horario escollido e calquera cambio debe ser notificado con anterioridade ao centro. Tamén notificarán as persoas autorizadas e os teléfonos de emerxencia. Na páxina web teñen o formulario da ficha de recollida de datos.
- **As ausencias deberán comunicarse antes das 09:45.** Segundo a normativa, 3 ausencias sen xustificar poden ser sancionadas con 10 días de expulsión do servizo.
- O uso da máscara é obrigatorio no comedor, excepto nos momentos que están comendo.
- Para respectar no posible o distanciamento social e os grupos estables, de xeito excepcional; os usuarios de comedor repártense en dous espazos, quedando o comedor para o alumnado de infantil e primeiro ciclo, e a aula de inglés para 2º e 3º ciclo de E. Primaria. O alumnado permanecerá durante a totalidade do servizo no seu sitio.
- As familias esperarán no exterior do centro a saída do alumnado.

Madrugadores

- O servizo de madrugadores impulsado polo Concello da Laracha dentro do programa HARMONIZA funcionará desde ás 07:00 ata ás 09:10. Os interesados en anotarse, deberán dirixirse ao concello. Tedes a información na páxina web do centro, apartado MADRUGADORES.
- A última hora de entrada ao servizo de madrugadores é **ás 8:45** para no interferir nas quendas de entrada ao centro.

Accidentes, enfermidade e hixiene escolar

- **Accidentes ou enfermidade no horario escolar:** Lembrámosvos que segundo a normativa vixente, o centro no caso de malestar ou accidente leve durante o horario escolar, avisará a familia xa que é esta quen ten que levar ao neno/a á consulta médica, motivo polo que é imprescindible que no centro teñamos un **teléfono** onde vos poidamos localizar en calquera momento. Loxicamente, en caso de gravidade avisarase aos servizos de emerxencia ademais de aos pais/nais.
- **COVID-19:** As familias ao igual que os profesionais do centro, están obrigadas a realizar o control de temperatura diaria aos seus fillos e fillas e controlar calquera síntoma compatible coa covid -19 e non acudirán

ao centro ante a mínima sospeita **En ningún caso acudirán ao centro con febre ou se a tiveron nas 24 horas anteriores.**

No centro, calquera alumno que presente sintomatoloxía compatible coa infección por covid-19 será illado na aula covid do centro e notificarase a familia para que pase a recollelo. No caso de ter irmáns, valorarase que tamén os recollan.

A familia poñerase en contacto coa pediatra, que será quen decida se pode ou non volver ao centro. En caso de ter que realizar PCR, nin o alumno nin os seus irmáns acudirán ao centro ata ter resultados. A familia informará da situación á directora do centro que como coordinadora do Equipo Covid, tomará as medidas oportunas.

- **Alerxias e infeccións:** É moi importante que se comunique ben aos titores ou á dirección do centro, as alerxias ou enfermidades infecciosas que poida padecer o/a alumno/a a fin de tomar as medidas oportunas. Se o/a alumno/a se atopa enfermo non debe acudir á clase ata transcorrer 48 horas sen febre. Se nalgún momento puntual, por mor dalgún tratamento, o alumnado ten que tomar algún medicamento, a familia será quen veña a subministralo a fin de evitar situacións de risco (perda do mesmo ou inxestión accidental por parte doutro alumno...).
- **Pediculose (piollos):** É moi importante a súa prevención, e aínda que cando o detectamos mandamos unha circular informativa desde o centro, non esperedes a recibila. **REVISADE habitualmente a cabeza aos vossos fillos/as** (unha vez por semana polo menos) xa que non existe no mercado ningún produto que evite o contaxio. Se encontrades que o/a neno/a está infectado/a, é moi importante que o comuniquedes a súa titora e que iniciades o tratamento oportuno. É conveniente que o/a neno/nena quede na casa mentres está infectado/a porque do contrario contaxiaría aos seus/súas compañeiros/as e sería moi difícil acabar coa infección.

Lista difusión WHATSAPP

Como medio inmediato de comunicación coas familias, instauramos as listas de difusión a través da aplicación de **Whatsapp** . Para poder recibir as mensaxes do centro tedes que incorporar na vosa axenda de contactos o número **683358253** e facilitar as titoras o número de móbil no que desexades recibir as mensaxes (1 por familia). Se non se cumpren eses dous requisitos non vos chegarán as mensaxes.

Profesorado

1.- Equipo Directivo:

- M^a Agripina Alfeirán Rodríguez - Directora
- LuzDivina Mouce Debasa – Xefa de Estudos
- Sonia Reigía Regueira – Secretaria

2.- Orientadora - M^a Julia Regueira Sande

3.- Mestres e mestras:

- Aloia Picón Pérez–Titora 4º E.I
- Marta Montes García– Titora 5ºE.I.
- Salvia Varela Losada – Titora 6ºE. I.
- María Montes García– Titora 1º E. P
- Luzdivina Mouce Debasa– Titora 2º E.P.
- Carmen Garea Bermúdez – Titora 3º E.P.
- Marisol Vizoso Varela–Titora 4º E.P.
- Sandra Lema Ozón – Titora 5º E.P.
- Isabel de la Cruz Cenamor – Titora 6º E.P.

- Jose Manuel Canosa Carballo –E. Artística
- Gustavo López Morán– Inglés
- Iván Barrós Álvarez– Ed. Física
- Mercedes Gómez Sampayo- Pedagogía Terapéutica
- Mercedes Rey Gómez- Pedagogía Terapéutica
- Felipe Rodríguez Nogueira – Audición e Linguaxe
- M^a del Carmen Fernández Quintáns - Relixión
- Sonia Reigía Regueira :Apoio E. Infantil